



LINGUA DE CALIDADE

Xosé Ramón Freixeiro Mato


MANUAIS DE LINGUA GALEGA (1340046)

184 páxinas

ISBN: 978-84-9782-835-2

P.V.P: 18,00 €

NOVIDADES XANEIRO 2010



« LINGUA DE CALIDADE » DE XOSÉ RAMÓN FREIXEIRO MATO

Lingua de calidade do profesor Xosé Ramón Freixeiro Mato pretende dar algunhas receitas para determos o proceso de deturpación castelanizadora da nosa lingua e para (re)construímos un galego de calidade liberado de interferencias espurias, un galego máis auténtico e por iso con futuro. Aínda que boa parte desas receitas son de natureza lingüístico-gramatical (fonéticas, morfolóxicas, sintácticas, léxicas ou pragmáticas), tamén se inclúen algunhas reflexións que pretenden contribuír para o fortalecemento da nosa autoestima lingüística, tentando desfacer de paso algunhas ideas preconceptuosas sobre a súa historia e situación actual. Un galego de calidade utilizado oralmente e por escrito por persoas orgullosas e conscientes da importancia do seu idioma é a fórmula máis acaída para garantirmos o seu futuro.

Xosé Ramón Freixeiro Mato é doutor en Filoloxía Galego-Portuguesa pola Universidade da Coruña, onde exerce a docencia como profesor titular na Facultade de Filoloxía. As súas liñas de investigación son fundamentalmente a gramática e a sociolingüística galegas, a lingua literaria e a estilística. Alén de *Lingua galega: normalidade e conflito* ou da *Gramática da Lingua Galega* en 4 volumes, entre as últimas monografías publicadas pódense citar *Os marcadores discursivos. Conectores contraargumentativos no galego escrito* (obra gañadora do Premio da Crítica na modalidade de investigación no ano 2006), *Lingua, nación e identidade* (2006), *Cucou o cuco cuqueiro. Lingua e estilo na obra de Manuel María* (2007, gañadora do 20º Premio Literario Ánxel Fole) e *Lingua de calidade. Vinte reflexións e unha proposta esperanzada para un galego con futuro* (Xerais 2010).